



OURENSE, A SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

XUÍZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 18-2026 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMENINA DH 25/26

Equipos participantes: C.W. SANTIAGO - C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS

Día, hora e lugar: 30/5/26; 12:45

FEITOS

PRIMEIRO.- O día 1/6/26 foi remitida a este Xuíz Único acta e anexo do encontro disputado entre os equipos C.W. SANTIAGO e C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS, correspondente á Liga Galega Absoluta Feminina DH 25/26. No anexo da acta faise constar literalmente o seguinte:

"El equipo visitante acude al encuentro sin entrenador."

Así mesmo, no referido anexo recóllese a normativa xeral de waterpolo relativa á obriga dos clubs participantes nas competicións da FEGAN de contar con adestrador con licenza en vigor e coa titulación correspondente á categoría de que se trate.

SEGUNDO.- Mediante resolución, de data 2 de xuño de 2026, acordouse dar trámite de audiencia ao C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS polo prazo de dous días hábiles, ao abeiro do artigo 22.2 do Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

TERCEIRO.- Dentro do trámite conferido, o C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS presentou escrito de alegacións, no que, en síntese, manifesta que a situación tivo carácter excepcional e puntual; que non existiu intención de incumprir a normativa nin de obter vantaxe deportiva; que concorreron incidencias organizativas e loxísticas imprevistas no desprazamento; que o encontro se disputou con normalidade e sen incidentes; que o resultado final foi de 24-1; e que o club adoptará medidas para evitar a reiteración de feitos similares.

Solicita, en consecuencia, o arquivo do expediente ou, subsidiariamente, a aplicación da medida máis favorable que en Dereito proceda.

CUARTO.- Da acta do encontro resulta que o C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS compareceu ao partido figurando no corpo técnico unicamente D. Danick Ramos Van Barneveld como Jefe/a de Equipo, sen constar inscrito ningún adestrador ou adestradora do equipo visitante.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO.- Competencia e procedemento.

O Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN é competente para coñecer das incidencias e infraccións que poidan producirse nas competicións deportivas de ámbito autonómico, conforme ao disposto no Libro III do Réxime Disciplinario da Federación Galega de Natación.

O procedemento seguido é o ordinario previsto no artigo 22 do citado Libro III, téndose conferido trámite de audiencia ao club interesado, trámite que foi evacuado mediante a presentación das correspondentes alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO.- Normativa aplicable.

A normativa xeral de waterpolo correspondente á tempada 2025/26, Circular 25-43, establece no seu apartado 2.2.1 que todos os clubs participantes na competición de waterpolo da FEGAN deberán ter obrigatoriamente un adestrador con licenza en vigor segundo as titulacións relativas ás distintas categorías.

Así mesmo, para categorías absolutas masculina e feminina, o apartado 2.2.4 esixe a titulación de adestrador auxiliar ou superior de waterpolo, ou técnico deportivo de nivel II ou nivel III da especialidade.

A mesma normativa prevé determinados supostos excepcionais nos que pode actuar outra persoa, mais tales excepcións aparecen delimitadas a supostos concretos, como exclusión ou indisposición do primeiro adestrador durante o encontro, sanción disciplinaria, enfermidade acreditada, habilitación provisional pola FEGAN ou imposibilidade por competición oficial de nivel superior debidamente xustificada.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCEIRO.- Valoración dos feitos.

Da acta e do anexo resulta acreditado que o C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS compareceu ao encontro sen adestrador inscrito, figurando unicamente unha persoa como xefe de equipo.

As alegacións presentadas polo club permiten apreciar a concorrencia de circunstancias organizativas e loxísticas, así como a ausencia de incidentes durante o encontro e de vantaxe deportiva aparente; con todo, tales alegacións non desvirtúan o feito obxectivo reflectido na acta: a comparecencia do equipo visitante sen adestrador na categoría absoluta feminina.

Polo tanto, existe un incumprimento da normativa organizativa e de competición de waterpolo aplicable á tempada 2025/26.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO.- Principio de tipicidade.

O artigo 3 do Libro III do Réxime Disciplinario da FEGAN establece que unicamente son infraccións susceptibles de sanción as previstas no propio Libro e nas disposicións de rango superior que este desenvolve, recollendo expresamente a prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas con anterioridade ao momento da súa comisión.

Examinados os artigos 5, 6 e 7 do Libro III, relativos ás infraccións moi graves, graves e leves, non se aprecia unha tipificación específica que sancione, de maneira expresa, a comparecencia puntual dun club a un encontro de waterpolo sen adestrador inscrito, cando o partido se disputa, non existe aliñación indebida de deportistas, non se produce incomparecencia, retirada, suspensión do encontro, actuación de persoa sen licenza como adestrador, nin consta reiteración de incumprimentos ou desobediencia a orde concreta dun órgano federativo.

Tampouco resulta procedente acudir a unha interpretación extensiva ou analóxica das infraccións previstas no Libro III para sancionar uns feitos que, aínda sendo contrarios á normativa organizativa da competición, non aparecen especificamente tipificados como infracción disciplinaria sancionable.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO.- Consecuencia xurídica.

En atención ao principio de tipicidade, á prohibición de sancionar feitos non expresamente tipificados, á ausencia de incidente competitivo, á falta de acreditación de vantaxe deportiva e á inexistencia no expediente de antecedentes por feitos semellantes, non procede a imposición de sanción disciplinaria.

Sen prexuízo do anterior, debe lembrarse ao C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS a obrigatoriedade de comparecer nos encontros de categoría absoluta con técnico ou técnica habilitado pola FEGAN, con licenza en vigor e titulación suficiente, nos termos previstos pola normativa xeral de waterpolo da tempada 2025/26.

RESOLUCIÓN

ÚNICO.- Acordar o **ARQUIVO DO EXPEDIENTE SANCIONADOR** incoado ao C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS con ocasión do encontro disputado o día 30 de maio de 2026 fronte ao C.W. SANTIAGO, correspondente á Liga Galega Absoluta Feminina DH 25/26, sen imposición de sanción disciplinaria.

Todo iso sen prexuízo de advertir ao club da obrigatoriedade de cumprir, nos sucesivos encontros, a normativa federativa relativa á presenza de adestrador ou adestradora con licenza en vigor e titulación habilitante para a categoría correspondente.

Notifíquese a presente resolución aos interesados, facendo constar que contra a mesma poderá interpoñerse recurso ante o Comité de Apelación da FEGAN

En lugar e data ut supra,

José Antonio Nóvoa

Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN